

Toponimia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Bermui e o rei Bermudo

Bermui, nome dunha parroquia do concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), vén do seguinte sucedido.

O rei de Galicia, Bermudo, elixido para o cargo pola nobleza galega, viuse acurrado polos mouros de Almanzor e tivo que fuxir dende Compostela ata Betanzos. Cando as tropas de Almanzor arrasaron Compostela, e despois A Coruña, Betanzos xa non era lugar seguro así que o rei buscou cara o norde mellor agocho e chegou a onde chaman Castros, nas proximidades das Pontes. Castros que desde pasaron a chamrse Castros de Bermui en memoria daquel rei Bermudo.

Como Almanzor tampou se detivo en Betanzos nin había maneira de frealo, Bermudo tivo que proseguir a fuxida ata Oviedo.

[María Rego comunicounos a existencia desta lenda e a referencia bibliográfica]

BIBLIOGRAFÍA

RIVERA ROUCO, E., *Estudio sobre la Historia de Puentes de García Rodríguez y su comarca*, As Pontes de García Rodríguez 1976.